

VI CERTAME DE DEBUXO E POESÍA “AVELINO DÍAZ”

ENTREGA DE PREMIOS

Centro Sociocultural “Avelino Díaz”, de Riotorto

16 de xuño de 2023, 19.00 h.

Comunicado de prensa

- O poeta lugués Carlos Rodríguez Ocampo foi o gañador do 1º premio na categoría de persoas adultas, cun poema titulado “Aquel carro”.
- Mara Campos Nogueira, Guillermo Quintero e Rut Busto Domínguez obtiveron o primeiro premio das outras categorías das que constaba o Certame.
- O Xurado destacou a calidade e a variedade dos traballos presentados.
- Nas súas diferentes categorías, participaron cerca de 400 creacións que procedían de toda a xeografía galega.

Riotorto – Meira, 14 de xuño.

Este vindeiro **venres, día 16 de xuño, ás 19.00 h.** no **Centro Sociocultural “Avelino Díaz”** de **Riotorto**, terá lugar a entrega dos premios correspondentes ao VI Certame de Debuxo e Poesía “Avelino Díaz”.

O evento é convocado anualmente polos concellos de Riotorto e Meira, e conta coa colaboración organizativa da Asociación Cultural “Avelino Díaz”. A esta sexta edición do Certame concorreron preto de 400 traballos, procedentes dos puntos máis dispares da xeografía galega.

O gañador absoluto foi o poeta de Lugo **Carlos Rodríguez Ocampo**, cun poema titulado “Aquel carro”. Na categoría xuvenil, o poema premiado foi “Respiro. Respira”, de **Rut Busto Domínguez**, de Brión. O gañador infantil (de 9 a 12 anos) foi **Guillermo Quintero**, de Lugo, co poema “Pronto romper a cadea”. Finalmente, o debuxo gañador do certame específico para nenos e nenas de 3 a 8 anos foi “Mosaico de Avelino”, de **Mara Campos Nogueira**, de Riotorto.

O Xurado estivo conformado polo escritor **Xosé Otero Canto**, pola escritora **Natalia Lema Otero**, ademais de pola docente **Silvina Gallo Gavín**, actuando de Secretario o Tenente de Alcalde en funcións do Concello de Meira, **Agustín Méndez Moirón**. Na súa valoración global sobre as obras presentadas, o Xurado fixo constar a calidade e a variedade das mesmas.

A entrega de premios que se celebrará este venres estará presidida polos alcaldes dos concellos convocantes e contará co apoio da Asociación Cultural “Avelino Díaz”. As tres entidades non poden máis que congratularse de que o Certame estea plenamente

consolidado e de que cumpra o obxectivo fundamental para o que foi creado: contribuír á difusión da figura de Avelino Díaz.

Avelino Díaz naceu na parroquia da Órrea, no concello de Riotorto, aínda que é coñecido como o “Poeta de Meira”, dado que residiu nesta localidade antes da súa definitiva marcha á emigración, no ano 2020. Ademais de infinidade de artigos, obras de teatro, traducións..., deixou escritos 1.178 poemas, dos que 851 permanecen aínda inéditos, o que fai que sexa considerado un escritor tremendamente prolífico, cunha obra que merece unha investigación demorada.

A **Asociación Cultural “Avelino Díaz”** desenvolve un traballo incansable desde o 31 de xaneiro de 2014, cando foi refundada para tratar de estudar e divulgar a vida e a obra de Avelino, así como conseguir para el un Día das Letras que faga posible que poida ser debidamente investigado.

Máis información nos perfís de Facebook e Twitter da AC “Avelino Díaz”, e na súa páxina web oficial www.poetaavelinodiaz.gal.

Achégase a relación completa dos traballos premiados.

Un saúdo cordial,



Avelino Díaz
ASOCIACIÓN CULTURAL